

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 26 DE XULLO DE 2018,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regula a composición e o funcionamento da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe.

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Decreto polo que se regulan as infraestruturas de soporte e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en áreas empresariais promovidas polas administracións públicas de Galicia.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Decreto polo que se aproba definitivamente o Plan básico autonómico de Galicia.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello do Porto do Son para a execución da actuación Saneamento e depuración en Queiruga. Porto do Son (A Coruña), por un importe de dous millóns de euros (2.000.000,00 €).

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, para a execución do Plan estatal de vivenda 2018-2021, aprobado polo Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, por importe total de vinte e catro millóns seiscentos setenta e cinco mil trescentos euros (24.675.300,00 €).

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de trazado do acceso ao núcleo de San Vicente de Leira desde a estrada OU-0807, promovido pola Deputación Provincial de Ourense, xunto co expediente correspondente aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sustentabilidade Enerxética (Energylab) para a elaboración da documentación técnica necesaria para levar a cabo as licitacións públicas do proxecto do Ecobarrio da Ponte no Concello de Ourense, por un importe total de cincocentos mil euros (500.000,00 €).

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento de novas accións de I+D+i, por un importe de dous millóns oitocentos dezaseis mil trescentos doce euros (2.816.312,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Organización Nacional de Cegos Españois (ONCE) para o establecemento de medidas encamiñadas á atención das persoas con discapacidade visual, por un importe de douscentos dezaoto mil corenta e oito euros con seis céntimos (218.048,06€).

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva dos medicamentos Abiraterona e Enzalutamida para cubrir as necesidades terapéuticas dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe de dez millóns trescentos sesenta e cinco mil novecentos oitenta e nove euros con vinte céntimos (10.365.989,20€) e un valor estimado de vinte e tres millóns novecentos vinte e un mil cincocentos trece euros con cincuenta e dous céntimos (23.921.513,52€).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva dos medicamentos Fingolimod, Natalizumab e Alemtuzumab para os centros

hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe de doce millóns cincocentos sete mil oitocentos cincuenta e tres euros con dous céntimos (12.507.853,02€) e un valor estimado de vinte e oito millóns oitocentos sesenta e catro mil douscentos setenta e seis euros con vinte céntimos (28.864.276,20€).

- Acordo polo que se autoriza contratación da subministración sucesiva dos medicamentos Lenalidomida, Pomalidomida e Azacitidina para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe de dezasete millóns oitocentos noventa e nove mil oitocentos setenta e dous euros con cincuenta e catro céntimos (17.899.872,54 €) e un valor estimado de corenta e un millóns trescentos sete mil trescentos noventa e oito euros con dezaseis céntimos (41.307.398,16 €).
- Acordo polo que se autoriza contratación da subministración sucesiva dos medicamentos Antipsicóticos atípicos parenterais de acción prolongada Aripiprazol, Palipedirona e Risperidona para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe de dezanove millóns trescentos setenta e sete mil trescentos vinte e seis euros con sete céntimos (19.377.326,07 €) e un valor estimado de corenta e catro millóns setecentos dezaseis mil novecentos seis euros con trinta e dous céntimos (44.716.906,32 €).
- Acordo polo que se autoriza contratación da subministración sucesiva dos medicamentos Dimetilfumarato e Teriflunomida para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe de sete millóns cincuenta e sete mil cento noventa e seis euros con vinte e oito céntimos (7.057.196,28 €) e un valor estimado de dezaseis millóns douscentos oitenta e cinco mil oitocentos trinta e sete euros con cincuenta e seis céntimos (16.285.837,56 €).

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Aldeas Infantiles SOS Galicia, para a execución do Programa de apoio ao acollemento en familia extensa. Importe: cento noventa e dous mil setecentos sesenta e cinco euros con dezanove céntimos (192.765,19 €).

---

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural para a concesión de axudas ás empresas Inleit Ingredients, S.L.U., Queserías Entrepinares, S.A.U., e Corporación Alimentaria Peñasanta, S.A.

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o Plan Galicia 5G.

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o Programa Emprega Automoción.

---

## **A COMISIÓN GALEGA DE PREVENCIÓN E REPRESIÓN DA DOPAXE ENTRA EN VIGOR TRAS A APROBACIÓN DO DECRETO POR PARTE DO CONSELLO DA XUNTA**

- *A regulación contida no texto do decreto busca dotarse dos mecanismos necesarios para loitar contra a dopaxe no ámbito deportivo, xa sexa mediante a adopción de medidas preventivas como de medidas represivas, coa esperanza de que a dopaxe desapareza da práctica deportiva, axustándose ao réxime imposto pola normativa estatal e internacional de obrigado cumprimento*

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe tras o aval do Consello Consultivo.

O título VIII da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, regula a actuación autonómica en materia de prevención e loita contra a dopaxe no deporte e a Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, configurándoa como un órgano administrativo, adscrito ao órgano autonómico competente na materia deportiva, ao cal se lle atribúen as competencias en materia de defensa da saúde do deportista e de prevención e control da dopaxe no ámbito da Comunidade Autónoma.

A regulación contida no texto do decreto busca dotarse dos mecanismos necesarios para loitar contra a dopaxe no ámbito deportivo, xa sexa mediante a adopción de medidas preventivas como de medidas represivas, coa esperanza de que a dopaxe desapareza da práctica deportiva, axustándose ao réxime imposto pola normativa estatal e internacional de obrigado cumprimento, que se caracteriza polo seu carácter tremendamente cambiante na procura de adoptar medidas que dean resposta a cada unha das situacións e avances que se producen nesta materia.

### **Estrutura e contido**

O decreto que rexerá á Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe estrutúrase en dous capítulos (obxecto e natureza da comisión e funcións, composición e réxime de funcionamento) e un total de 20 artigos con dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

A Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe configúrase como un órgano administrativo, adscrito ao órgano autonómico competente na materia deportiva, ao cal se lle atribúen as competencias en materia de defensa da saúde do deportista e de prevención e control da dopaxe no ámbito da Comunidade Autónoma.

En canto a súa composición, esta comisión estará integrada por unha presidencia (secretaría xeral para o Deporte), unha vicepresidencia (designada pola secretaría xeral

para o Deporte) e 13 vogalías: dúas persoas en representación do órgano competente en materia de saúde pública e outra en representación do órgano competente en materia de educación; tres persoas en representación dos axentes da actividade deportiva (árbitro ou xuíz, federacións deportivas galegas e deportista federado); catro persoas en representación das corporacións de dereito público representativas do Consello de Colexios de Médicos de Galicia, do Colexio Oficial ou Colexios Oficiais de Farmacéuticos de Galicia, do Colexio Oficial ou Colexios Oficiais de Químicos de Galicia e do Colexio Oficial ou Colexios Oficiais de Enfermaría de Galicia); dúas persoas en representación das Facultades de Ciencias da Actividade Física e do Deporte e dúas persoas de recoñecido prestixio nos ámbitos científico-técnico, deportivo, médico e xurídico.

As funcións que se lle atribúen á Comisión Galega de Control da Violencia serán:

- Asesorar a Administración autonómica no eido da medicina deportiva.
- Propoñer programas e actuacións co obxecto de promover e procurar que a actividade deportiva se realice en condicións adecuadas de salubridade e seguridade.
- Promover accións formativas e informativas respecto dos valores da práctica deportiva sobre a saúde.
- Promover e fomentar a investigación e formación no eido da medicina deportiva e, en concreto, no relativo á protección da saúde dos deportistas.
- Propoñer criterios e regras técnicas para que as competicións e probas de modalidades deportivas se configuren de modo inocuo para a saúde e integridade física dos deportistas, e sobre os dispositivos mínimos de asistencia sanitaria que deben existir nas competicións.
- Propoñer as accións preventivas de educación e información sobre a dopaxe.

### **Contexto**

A Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe nace do traballo coordinado entre a Secretaría Xeral para o Deporte, a Axencia Española para a Protección da Saúde no Deporte (AEPSAD) e a Consellería de Sanidade. A creación desta ferramenta outorgará á Comunidade Autónoma de Galicia os instrumentos necesarios para acabar con calquera situación referida ao consumo de substancias prohibidas no deporte a través dunha adaptación dos criterios da Axencia Mundial Antidopaxe (AMA) e da AEPSAD. Grazas á Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, poderanse levar a cabo tamén políticas de prevención e información. A comisión será

---

multidisciplinar e nela estarán representados todos os axentes da saúde e do deporte de Galicia.

Tras esta aprobación, a Xunta de Galicia e a AEPSAD asinarán un convenio de colaboración para o desenvolvemento e implementación de políticas de prevención e represión da dopaxe coordinando as actuacións antidopaxe entre os entes autonómico e estatal como pode ser a colaboración no desenvolvemento de controis ou campañas de sensibilización.

Ademais, a Secretaría Xeral para o Deporte abordará a modificación da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia para a súa adecuación ao código mundial antidopaxe na procura dunha mellor coordinación no exercicio das competencias da loita contra a dopaxe autonómicas e nacionais.

Tras o informe favorable da Asesoría Xurídica Xeral e o ditame do Consello Consultivo, a Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe xa se atopa en vigor e estará en pleno funcionamento na tempada 2018-2019.

## **A XUNTA APROBA O PLAN GALICIA 5G PARA POSICIONAR A COMUNIDADE ENTRE AS PRIMEIRAS REXIÓNS EUROPEAS EN DISPOÑER DE SERVIZOS BASEADOS NESTA TECNOLOXÍA**

- *No período 2018-2019 lanzaranse as primeiras probas de concepto baseadas nesta tecnoloxía para situar a Comunidade como territorio piloto destas solucións*
- *Porase en marcha do Nodo de cooperación rexional 5G, coordinado polo operador público Retegal para abordar a análise de escenarios de uso e a realización de diferentes prototipos baseados nesta tecnoloxía*
- *Facilitarase o despregamento harmonizando a normativa municipal e con solucións técnicas para contornas protexidas*
- *Entre as fortalezas de Galicia para situarse como rexión preferente no 5G están o seu hipersector TIC, os centros tecnolóxicos e universidades de primeira orde en telecomunicacións, a súa cobertura 4G ou contar cun operador público neutro*

A Xunta de Galicia pon en marcha un Plan Galicia 5G, complementario ás medidas europeas e estatais, para posicionar a Comunidade como territorio preferente na fase de pilotaxe de solucións tecnolóxicas baseadas na tecnoloxía 5G, que será o paso previo ao despregamento destas redes.

A Administración autonómica apoiará aquelas iniciativas dos operadores que dean resposta as áreas de aplicación prioritarias identificadas no Plan Galicia 5G. Todo o territorio galego poderá beneficiarse das innovacións derivadas desta tecnoloxía. A Xunta quere convidar os alcaldes das 7 grandes cidades a xogar un papel proactivo no deseño das cidades do futuro.

As principais empresas de telecomunicacións a nivel nacional xa trasladaron formalmente ao Goberno galego o seu interese en impulsar proxectos neste ámbito en Galicia, aproveitando o potencial dos sectores estratéxicos da Comunidade. Contan, por suposto, con todo o apoio da Xunta de Galicia para concretar en estas propostas.

### **Principais obxectivos do Plan**

O Plan, elaborado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), en colaboración cos axentes do ecosistema TIC galego, ten un dobre obxectivo: por unha banda, que Galicia sexa das primeiras rexións europeas en dispoñer de servizos 5G e, por outra, que o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica en equipamento e software necesario para desenvolver posibles casos de uso desta tecnoloxía se localice en Galicia. Para conseguilo o Plan establece catro liñas de actuación con diferentes medidas facilitadoras.



### **Medidas do plan**

A primeira das liñas de actuación busca impulsar un despregamento máis áxil das redes de telecomunicación coa elaboración dun modelo de ordenanza municipal tipo, promovido pola Xunta e a Fegamp que harmonice a normativa municipal e facilite aos operadores axilizar os trámites relativos a estes. Ademais, definirase un catálogo de solucións técnicas válidas para contornas protexidas como os centros históricos ou os espazos naturais e porase en marcha dunha Oficina de Asesoramento 5G a Concellos.

A segunda liña é a posta a en marcha do Nodo de cooperación rexional 5G, coordinado polo operador público RETEGAL e que abordará a análise de escenarios de uso e a realización de diferentes prototipos baseados nesta tecnoloxía, coa participación dos operadores, a empresas tecnolóxicas e os potenciais clientes das solucións.

A terceira medida céntrase en situar a Galicia como rexión piloto do 5G co lanzamento, no período 2018-2019 das primeiras probas de concepto baseadas nesta tecnoloxía e desenvolveranse actuacións de difusión das vantaxes destas redes.

A cuarta liña de actuación prevé a creación dun Plan de Formación Especializada 5G en colaboración coas universidades e os axentes do ecosistema 5G; liñas de financiamento orientadas a que as empresas con servizos ou produtos 5G poidan impulsar o seu crecemento, e a potenciación da demanda de servizos 5G pola propia Administración.

### **Fortalezas do ecosistema 5G de Galicia**

Galicia conta con diferentes capacidades para posicionarse no desenvolvemento de casos de uso que faciliten o despregamento destas redes nunha fase posterior. Unha destas fortalezas é o hipersector TIC galego, formado por preto de 3.400 empresas e máis de 21.000 profesionais cun valor engadido bruto duns 1.200 millóns de euros, un 2,1% do PIB galego.

Ademais, na Comunidade conta con universidades e centros tecnolóxicos galegos de primeira orde en ámbitos coma as telecomunicacións, supercomputación ou a automoción internacional.

Tamén existen proxectos innovadores directamente relacionados coas tecnoloxías 5G. É o caso do corredor entre Vigo e Oporto para realizar ensaios transfronterizos sobre o vehículo conectado ou a existencia dun Consorcio Aeronáutico de Galicia e a Civil UAVs Initiative no polo de Rozas.

Ademais, Galicia é a terceira comunidade autónoma con máis cobertura de redes 4G, só por detrás de Madrid e o País Vasco, o que pode facilitar a penetración futura de

servizos 5G. A existencia dun operador público neutro, Retegal, con capacidade para facilitar e racionalizar os despregamentos de rede, é outro dos factores a favor da Comunidade.

### **Posibles ámbitos de aplicación**

A tecnoloxía 5G ofrecerá largos de banda de 1GB cun período de latencia de 1milisegundo, é dicir, unha capacidade de resposta máis rápida incluso que o ollo humano. Estas características sitúana como a tecnoloxía indispensable na evolución de elementos innovadores como o coche conectado, as cidades intelixentes ou a conexión masiva de obxectos á rede.

No caso de Galicia, o 5G pode ser a tecnoloxía que facilite a transformación dixital do rural posibilitando o acceso á internet ultrarrápida; a mellora na atención a persoas maiores ou enfermos crónicos grazas a wereables con sensores biométricos; a prestación de servizos médicos a distancia: o vehículo conectado; o impulso á industria 5G; servizos turísticos máis especializados ou novas oportunidades na xeración de contidos.

### **Decreto polígonos**

Ademais de apostar polas tecnoloxías de futuro, a Xunta continúa a facilitar os despregamentos das redes de telecomunicación co desenvolvemento de Lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia. O Consello da aprobou hoxe o Proxecto do decreto que garantirá que os novos polígonos industriais de titularidade pública se constrúan coas infraestruturas e espazos de soporte necesarios para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas internet, e que entrará en vigor aos 20 días naturais tras a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* nos vindeiros días.

A aplicación do decreto reducirá os custos e prazos que implican actuacións posteriores e facilitará un despregamento máis rápido, ordenado e eficiente destas infraestruturas nas superficies industriais. Ademais, estes equipamentos deberán poñerse á disposición dos operadores interesados en condicións transparentes, obxectivas e non discriminatorias.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

- *Este instrumento de ordenación será de aplicación directa nos concellos que carezan de PXOM e terá carácter complementario naqueles en que xa exista*
- *Unha das importantes achegas ao documento é o importante labor de simplificación do documento para unha mellor manexabilidade e unha maior seguridade xurídica*
- *Substituirá as Normas complementarias e subsidiarias de planeamento provinciais aprobadas no ano 1991 e completa o novo marco urbanístico co que o Goberno galego quere impulsar unha ordenación responsable e sustentable do territorio*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizou o Decreto polo que se aproba definitivamente o Plan básico autonómico (PBA), que será de aplicación directa naqueles concellos que carezan de plan xeral de ordenación municipal e terá carácter complementario do planeamento municipal naqueles concellos en que exista, suplindo as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente.

O Plan básico autonómico é unha ferramenta indispensable que reflectirá as delimitacións das afeccións derivadas da lexislación sectorial que inciden sobre o territorio e incluírá os instrumentos de ordenación do territorio (plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal). Na mesma liña, identificará a totalidade dos asentamentos de poboación existentes en Galicia, que son preto de 39.000.

En definitiva, contarase cunha completa diagnose da situación territorial de Galicia, cunha foto precisa do urbanismo de toda a comunidade autónoma en 2018, realizado por capas, o que facilitará a consulta específica e, sobre todo, unha constante actualización.

Unha das súas principais finalidades é a definición das áreas do territorio nas cales sexa necesario recadar informe dos diferentes organismos con competencias sectoriais para a realización de calquera actividade que implique a acción urbanística, de tal xeito que contribuirá a dotar de transparencia e axilidade o mecanismo de solicitude de tales informes.

Así mesmo, establecerá unha regulación de carácter xeral dos diferentes usos do solo e da edificación, de acordo coas súas determinacións, a través dunhas ordenanzas tipo, que serán incorporadas nos plans básicos municipais, segundo as características propias de cada concello. Así mesmo, e como referencia, estas ordenanzas tamén poderán ser tomadas en consideración na redaccións dos plans xerais municipais.

Desde o Goberno galego deféndese que estas novas ferramentas de ordenación urbanística responden a tres grandes obxectivos: ningún concello sen plan xeral; o desenvolvemento ordenado e sustentable do noso medio rural, para posibilitar a súa posta en valor, e a protección da paisaxe.

Un esforzo que desde 2009 se leva facendo e que acadou un fito importante coa entrada en vigor da Lei do solo e, seis meses despois, a aprobación do seu propio regulamento.

O Plan básico autonómico substituirá as normas complementarias e subsidiarias de planeamento provinciais aprobadas no ano 1991, que ata ese momento seguirán vixentes. O tempo transcorrido desde entón, máis de vinte cinco anos e con tres leis do solo de Galicia de por medio e profundos cambios a prol da conservación efectiva dos espazos non aptos para acoller edificacións alleas á súa natureza, suxiren un novo marco xenérico da regulación urbanística na Comunidade Autónoma que se adapte á realidade actual.

Non obstante, o Plan básico autonómico deberá actualizarse na medida en que a normativa sectorial vaia cambiando, por canto constitúe unha peza viva, radiográfica do acontecer normativo que afecta o territorio da Comunidade, no que necesariamente deberán acudir os diversos axentes que actúan sobre o territorio nunha permanente revisión do estado da cuestión, que deberá dotar de transparencia e axilidade as accións planificadoras futuras.

### **Tramitación**

Desde que o Consello da Xunta aprobara inicialmente o Plan básico autonómico en decembro de 2017, nun tempo récord de sete meses a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio iniciou o período de información pública, para garantir unha participación real e efectiva de toda a cidadanía no seu procedemento de elaboración. Así mesmo, solicitaranse os informes sectoriais preceptivos, así como informe determinante a todos os 313 concellos de Galicia.

Unha vez finalizado o período de información pública e analizadas todas as alegacións, consultas e informes sectoriais presentados, que ascenderon a case 1.000, procedeuse á súa consideración e foron atendidas na súa maior parte, concretamente ao 70 %. As que no se atenderon, debeuse principalmente á imposibilidade legal, por canto eran propostas alleas ao ámbito competencial do Plan básico autonómico. As modificacións responden a modificacións e correccións derivadas daquelas, así como outros cambios que responden a cuestións técnicas ou de índole xurídica e normativa, ou que clarificaron ou melloraron a redacción do texto sometido a información pública.

Nesta liña e no que atinxe á memoria xustificativa e á normativa, levouse a cabo un importante labor de simplificación do documento para a súa mellor manexabilidade e para dotalo dunha maior seguridade xurídica, xa que na maior parte dos casos esa modificación responde á eliminación de cuestións que xa se atopan reguladas na normativa sectorial correspondente.

## **MEDIO AMBIENTE DESTINA DOUS MILLÓNS DE EUROS Á CONSTRUCIÓN DA NOVA EDAR E REDE DE COLECTORES DE QUEIRUGA EN PORTO DO SON**

- *As obras, que executará Augas de Galicia, prevén a construción dun rede de colectores de augas residuais e pluviais que suman máis de 5.300 metros de lonxitude*
- *Esta infraestrutura hidráulica garantirá unha mellora ambiental da calidade das augas costeiras para esta parroquia, que na actualidade non dispón de servizo municipal de saneamento nin depuración*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizou o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Porto do Son para a execución da actuación saneamento e depuración en Queiruga, que consistirán na construción dunha nova estación depuradora de augas residuais nesta parroquia, así como da rede de colectores.

Trátase dunha actuación, para a que se reserva un orzamento de dous millóns de euros, que dará continuidade ao saneamento da costa exterior de Porto do Son, onde a Xunta executou obras de saneamento nos lugares de Baroña, Xuño e Caamaño.

As obras prevén a construción dunha rede de colectores de augas residuais e pluviais e impulsións que suman máis de 5300 metros de lonxitude en total, que se dividirán en sete tramos de colectores de augas residuais por gravidade, dous tramos de impulsións cunha lonxitude total de case 1200 metros e provistos de dúas bombas con capacidade para 5 l/s e dous tramos de colectores de augas pluviais que suman outros 1200 metros.

Así mesmo, a nova Edar estará provista de dúas liñas de pretratamento, un decantador primario en dúas etapas e unha tratamento biolóxico por medio dun contactor biolóxico rotativo de tres metros de diámetro e sete de lonxitude.

Grazas a esta actuación, que dará servizo a unha poboación estimada de 1000 habitantes, mellorarase a calidade ambiental das augas costeiras; xa que na actualidade a parroquia de Queiruga non dispón de servizo municipal de saneamento nin depuración.

Esta nova infraestrutura hidráulica dará continuidade ao saneamento da costa exterior da costa, xa que Augas de Galicia tamén executou as obras de saneamento do núcleo de Caamaño e a mellora e ampliación da Edar de Xuño, por un importe de 450.000 euros, así como a rede de colectores e Edar de Baroña, por un orzamento de máis dun millón de euros. Outro punto do concello de Porto do Son en que se mellorou a

---

situación do abastecemento foi en Xuño e Muro, cunha actuación de case 220.000 euros. Ao conxunto destas actuacións en distintas parroquias do concello súmase á Edar de Porto do Son e a súa rede de colectores.

---

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DO CONVENIO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA EN GALICIA, QUE SUPORÁ DESTINAR PRETO DE 107 MILLÓNS DE EUROS A AXUDAS ATA 2021

- *A Administración autonómica achega un cofinanciamento de case 25 millóns de euros, cumprindo así co requisito establecido para elevar ao máximo o investimento do Estado, que chegará ata 82,2 millóns de euros*
- *A nova planificación foi aprobada polo anterior Goberno de España e supón un incremento de recursos estatais de máis do 60% con respecto ao destinado entre 2013 e 2017*
- *A Xunta dedicará os recursos deste plan a avanzar nos seus obxectivos de fomento da rehabilitación e o alugueiro e a loita contra os desafiuzamentos, con especial atención á dinamización do rural e o apoio a mozos e maiores*
- *Convocaranse axudas a mozos para a adquisición de vivendas en concellos de menos de 5.000 habitantes*
- *Prevese que este Plan beneficie a 18.700 familias galegas e xere 11.000 empregos, fomentando unha mobilización de recursos de máis de 250 millóns de euros*
- *O Goberno galego avanzou xa a convocatoria das axudas ao alugueiro e nas vindeiras semanas prevé publicar novas subvencións por importe de máis de 12,5 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración co Ministerio de Fomento para o desenvolvemento na nosa Comunidade do Plan Estatal de Vivenda, que permitirá destinar preto de 107 millóns de euros a axudas ata o ano 2021.

En virtude do convenio autorizado hoxe, a Administración autonómica achegará case 25 millóns de euros para cofinanciar este Plan, o que fai posible elevar ata o máximo o investimento do Estado, que ascenderá ata 82,2 millóns de euros.

As liñas de axudas que inclúe o Plan estatal de vivenda en Galicia son as seguintes:

- Programa de axuda ao alugamento de vivenda.
- Programa de axuda ás persoas en situación de desafiuzamento ou lanzamento da súa vivenda habitual
- Programa de fomento do parque público de vivenda en alugamento.
- Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentación das vivendas.
- Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade e de utilización e da accesibilidade en vivendas.



- Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural.
- Programa de axuda aos mozos.
- Programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade.

O Plan estatal de Vivenda 2018-2021 foi aprobado polo anterior Goberno de España e supón un incremento de recursos do Estado en Galicia de máis do 60% con respecto ao destinado no anterior período, 2013-2017.

O Goberno galego considera que este Plan constitúe unha os recursos deste plan a avanzar nos seus obxectivos de fomento da rehabilitación e o alugueiro, a loita contra os desafuzamentos, con especial atención á dinamización do rural e o apoio a mozos e maiores

Coincidindo coa política de vivenda da Xunta de Galicia, a distribución porcentual dos recursos implica que a rehabilitación será o eixo fundamental de desenvolvemento económico e social, aglutinando o 60% dos fondos. A rehabilitación non só busca a dinamización dos núcleos rurais, dos cascos históricos e das áreas urbanas de degradadas e mellorar as condicións de habitabilidade das vivendas, senón que tamén constitúe unha importante fonte de xeración de emprego, dado que as actuacións de rehabilitación son as obras que máis emprego xera por cada de euro.

Outra das prioridades serán o apoio ao alugueiro as familias con menos recursos, o alugueiro e as facilidades aos mozos menores de 35 anos no acceso a vivenda tanto en propiedade como en aluguer e a súa rehabilitación.

Nese sentido, destaca a liña de axuda aos mozos para a adquisición de vivendas en concellos de menos de 5.000 habitantes.

Actuacións	Contía	
Programas de Aluguer	32.072.600 €	30%
Mozos (aluguer e adquisición)	10.574.400 €	10%
Rehabilitación	64.279.300 €	60%
<b>Total</b>	<b>106.926.300 €</b>	<b>100,00%</b>

A Xunta xa avanzou nos trámites para a concesión das axudas en tanto en canto non se formaliza a sinatura deste convenio co Ministerio de Fomento. Desta maneira, as axudas ao alugamento de vivendas xa foron convocadas a través da publicación das bases reguladoras no Diario Oficial de Galicia o pasado 28 de xuño, estando aberto ata

---

o próximo 30 de xullo o prazo de solicitudes, cun orzamento total de 14,8 millóns de euros.

Ao mesmo tempo, está moi avanzada a tramitación das restantes liñas de axudas, co obxectivo de publicar as bases e convocatorias respectivas nas vinderias semanas, en que se prevé publicar novas subvencións por improte de máis de 12,5 millóns de euros.

Esta previsto que o desenvolvemento deste Plan en Galicia beneficie a 18.700 familias galegas e xere 11.000 empregos, ademais de incentivar unha mobilización de recursos de máis de 250 millóns de euros.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO E AS EXPROPIACIÓNS DO ACCESO AO NÚCLEO DE SAN VICENTE DE LEIRA, NO CONCELLO DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

- *Trátase dunha actuación promovida pola Deputación de Ourense que busca garantir a estabilidade do treito final da estrada provincial OU-0807 e manter a actividade industrial da única explotación mineira da zona*

O Consello da Xunta deulle o visto e prace definitivo ao proxecto de trazado do acceso ao núcleo de San Vicente de Leira desde a estrada OU-0807, no Concello de Vilamartín de Valdeorras, promovido pola Deputación Provincial de Ourense. Ademais, o Goberno galego aprobou o expediente correspondente aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas.

Este proxecto ten por obxecto dar unha solución definitiva á estabilidade desta estrada da deputación no Concello de Vilamartín de Valdeorras, no seu treito final de acceso ao núcleo de San Vicente de Leira, e manter a actividade industrial da explotación de lousa existente.

Deste xeito, a Xunta atende a solicitude da Deputación ourensá, que pretende garantir a estabilidade da estrada provincial, cuxos noiros presentan problemas de esvaramento no treito final de acceso ao núcleo de San Vicente de Leira, como consecuencia das características xeotécnicas da zona.

A intervención prevista no treito final de acceso ao núcleo de San Vicente inclúe o recheo parcial da valgada en que estaba asentada a explotación mineira, a recuperación ambiental da zona, a contención dos pés das ladeiras das montañas e situar a estrada sobre o dito recheo.

O proxecto de trazado definitivo aprobado hoxe pola Xunta –no que se analizaban cinco alternativas– foi xa sometido aos trámites de información pública e informe dos organismos afectados. Unha vez analizadas as alegacións e informes recibidos, o pasado día 23 de marzo o Pleno da Corporación provincial adoptou por unanimidade elevar o expediente ao Consello da Xunta, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

No proxecto construtivo que desenvolva o trazado que se aproba hoxe deberán terse en conta as observacións e condicións impostas nos informes da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, así como na avaliación de impacto ambiental formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

## A XUNTA APROBA A REALIZACIÓN DOS ESTUDOS QUE DEFINIRÁN O TRAZADO DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA XEOTÉRMICA NO ECOBARRIO DE OURENSE

- *A Administración autonómica aproba un convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Inega, e EnergyLab para que redacte a documentación técnica precisa para levar a cabo as licitacións do proxecto*
- *O centro tecnolóxico elaborará os informes que determinen a conexión do district heating aos edificios públicos e privados do barrio da Ponte, así como as auditorías enerxéticas dos inmobles, da iluminación pública exterior e do parque móbil municipal*
- *O Goberno galego destina 300.000 euros a este convenio, que se executará este ano e que contribuirá a facer desta iniciativa un exemplo de eficiencia enerxética e calidade de vida para os veciños*
- *A primeira rede de district heating de Europa que utilizará xeotermia enmárcase dentro das directrices enerxéticas de Galicia, coas que a Xunta prevé mobilizar máis de 3000M€ neste sector e impulsar a economía verde*

A Xunta segue a dar pasos cara adiante no desenvolvemento do primeiro EcoBarrio de Galicia, que se porá en marcha na cidade de Ourense. O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria –a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)– e EnergyLab para que este centro tecnolóxico elabore a documentación técnica precisa para levar a cabo as licitacións do proxecto.

O Inega encargáralle á Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sustentabilidade Enerxética (EnergyLab) os estudos requiridos para a posterior instalación da rede de *district heating*, que abastecerá de calefacción e auga quente edificios do barrio da Ponte a través de enerxía xeotérmica –será a primeira rede de Europa destas características–, ao tempo que utilizará fotovoltaica para os consumos eléctricos asociados ao sistema.

Así, entre outras encomendas que se recollen no convenio, inclúese a elaboración dun informe detallado sobre os requirimentos dos edificios privados e públicos do barrio da Ponte para a súa conexión ao *district heating* xeotérmico; estudos para coñecer o potencial aproveitamento da xeotermia e a súa combinación con outras enerxías renovables; e definir a localización da central de xeración e do trazado definitivo da rede.

O convenio recolle ademais a realización das auditorías enerxéticas necesarias para o desenvolvemento das actuacións máis relevantes que están programadas no barrio ourensán da Ponte. Así, levarase a cabo unha avaliación detallada dos edificios públicos e privados, da iluminación pública exterior –a actual será substituída por tecnoloxía LED– e da frota de vehículos do Concello de Ourense co obxectivo de substituír o 66% do parque municipal por automóbiles de gas natural comprimido (GNC) e eléctricos.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria destina 300.000 euros a este convenio, cuxa vixencia rematará o 31 de decembro deste ano. A súa aprobación prodúcese despois de que o pasado mes de xuño a Xunta tamén informase do acordo de cooperación no que se especifican os compromisos que adquiren todas as administracións implicadas na execución deste proxecto integral de referencia a nivel europeo que pretende facer do barrio da Ponte, un exemplo en eficiencia enerxética e calidade de vida.

Así, en virtude de dito acordo entre o Goberno galego –en que participan as Consellerías de Economía, Emprego e Industria; de Facenda; de Sanidade; de Cultura, de Educación e Ordenación Universitaria; e máis o Instituto Enerxético de Galicia (Inega)–, o Concello ourensán e o ADIF, establécese que o labor do Inega será o de realizar as contratacións, convenios e encomendas necesarias para desenvolver o EcoBarrio.

O proxecto prevé actuar en edificios, transporte e servizos á cidadanía. De feito, a previsión é que se beneficien 18 inmobles privados –máis de 300 vivendas– renovando fachadas e cubertas, e instalando ascensores e fiestras que permitan a estas construcións gañar en eficiencia. Tamén se intervirá en 31 edificios públicos cunha renovación integral da envolvente térmica, así como coa renovación do alumeadado interior a través de tecnoloxía LED e a implementación de sistemas de monitorización e xestión enerxética.

Tamén se desenvolverá un sistema de control e xestión intelixente *Smart City* e abrirase a Oficina do EcoBarrio co obxectivo de facilitar información e asesoramento á veciñanza sobre as axudas e programas a que poden acceder en materia de eficiencia enerxética.

Calcúlase que a execución deste proxecto se traducirá na xeración de 300 postos de traballo e na redución do consumo enerxético, mellorando nun 20% a eficiencia e posibilitando a rebaixa das emisións de gases contaminantes nun 30%.

O EcoBarrio de Ourense enmárcase nas directrices enerxéticas de Galicia 2018-2020 aprobadas pola Xunta e que suporán a mobilización de máis de 3000 millóns de euros no sector enerxético ata 2020. Os obxectivos principais desta folla de ruta son mellorar a calidade de vida da cidadanía e a competitividade do tecido empresarial galego a través dun crecemento económico sustentable, fomentando a loita contra o cambio climático e impulsando a economía verde.

## EDUCACIÓN DESTINA 2,8 MILLÓNS DE EUROS PARA REFORZAR A INVESTIGACIÓN LIGADA Á ESPECIALIZACIÓN DOS CAMPUS DA USC

- *A Consellería asinará un novo convenio coa Universidade de Santiago en materia de I+D+i co fin de estruturar e potenciar a súa actividade científica neste 2018*
- *As actuacións céntranse no Campus Vida, no Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (recoñecido como María de Maeztu), no desenvolvemento do Campus Terra, no plan de actuación do Campus da Cidadanía e noutras accións singulares*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará un total de 2.816.312 euros para reforzar este ano a investigación ligada á especialización dos campus da Universidade de Santiago (USC), así como a outras accións singulares. O Consello da Xunta autorizou un convenio de colaboración entre o departamento educativo da Xunta e a universidade para estruturar e potenciar a súa actividade investigadora, un acordo que se suma ao xa aprobado en outubro de 2017 e que se reproduce tamén, en cada caso coas súas accións específicas, nas universidades de Coruña e Vigo.

As actuacións que se realizarán ao abeiro deste convenio céntranse no Campus Vida, no Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE), no desenvolvemento do Campus Terra, no primeiro Plan de actuación do Campus da Cidadanía e noutras accións singulares.

### **Equipamento avanzado no Campus Vida**

A Consellería destinará 1.764.800 millóns de euros para reactivar as accións do primeiro campus de excelencia internacional, coa actualización do seu Plan estratéxico e a mellora das infraestruturas singulares. En concreto, dentro da actualización do dito Plan estratéxico para o período 2018-2022, impulsarase o papel do Campus Vida como clúster de coñecemento e innovación no sector biomédico e tecnolóxico de Galicia.

Así mesmo, ampliaranse as capacidades do Servizo de Microscopía Electrónica da USC con equipamento avanzado para o estudo de nanomateriais de carbono e *soft matter* (sistemas biolóxicos, membranas, surfactantes, polímeros, etc.). E tamén se adquirirá material para a Área de Simulación Médica Avanzada. Cómpre resaltar que a simulación no coidado da saúde utilízase para reproducir situacións reais con pacientes dunha forma guiada, controlada e segura. Neste sentido, a USC e a área sanitaria de Santiago terán unha única área destas características, o que obrigará a atender moito alumnado con niveis de formación diversa.

### **Máis visibilidade para o Instituto Galego de Física de Altas Enerxías**

A achega da Consellería para o IGFAE ascende a 40.000 euros. Este centro foi recentemente recoñecido como Unidade de Excelencia María de Maeztu polo Ministerio de Economía, Industria e Competitividade (MINECO). As melloras que se levarán a cabo están relacionadas coa materialización da programación aprobada polo dito selo, sendo necesarias para acelerar a produción científica do instituto, a súa excelencia como centro formativo, así como a súa capacidade de transferencia tecnolóxica ao tecido industrial galego.

Neste sentido, dotarase dun xestor-investigador con perfil técnico que cubra as necesidades mínimas do instituto e que dea soporte as distintas áreas estratéxicas do centro. Ademais, aumentarase a visibilidade e proxección do instituto a través de xornadas divulgativas (Coloquia), así como desenvolvendo un programa de portas abertas (Open Days) a todos aqueles sectores que poidan estar interesados.

### **Desenvolvemento do Plan estratéxico do Campus Terra**

As actuacións no Campus Terra, encamiñadas a continuar co desenvolvemento do seu plan estratéxico, supoñen un investimento de 744.512 euros. Os traballos centraranse no mantemento das estruturas de gobernanza, así como en continuar co desenvolvemento dos plans operativos.

Neste sentido, no caso do Plan de especialización docente, búscase incrementar o número de alumnos que realizan prácticas en empresas durante os seus estudos universitarios e establecer colaboracións docentes con outras universidades nacionais e internacionais en temáticas afíns co campus. No caso do Plan de orientación de I+D, impulsaranse novas liñas de investigación conxuntas entre grupos de investigación do campus de Lugo. O Plan de comunicación e reputación corporativa inclúe medidas como un programa de apadriñamento para empresas da contorna a das disciplinas do campus ou xornadas de benvida.

A maiores, desenvolverase o campus de verán *Xuvenciencia* para acercar os estudantes de secundaria as actividades científicas e docentes desenvolvidas no campus. E por último, afrontaranse os gastos relacionados coa visita de avaliación da acreditación europea pola EAEVE que posúe a Facultade de Veterinaria, que terá lugar no mes de setembro.

Así mesmo, tamén se poñerán en marcha accións estratéxicas tales como a mellora de laboratorios de investigación alimentaria e da finca para a investigación no ámbito da produción agraria, e dotarase de mobiliario ao centro de emprendemento da Facultade de Administración e Dirección de Empresas, reforma realizada no 2017. Neste



---

apartado tamén se inclúen as obras de reforma do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina.

### **Primeiro plan de actuación no Campus da Cidadanía**

Cun investimento de 100.000 euros, este 2018 poñerase en marcha o primeiro plan de actuación do Campus da Cidadanía, un proxecto de especialización enfocado ao desenvolvemento da cultura docente e investigadora no ámbito das ciencias sociais e curdicas, e nas artes e humanidades.

As accións concretas buscarán mellorar a internacionalización dos doutorandos, investigadores e profesores non permanentes e atraer investigadores visitantes estranxeiros para promover o mentoring dos nosos doutorandos. Tamén se organizarán cursos e talleres por grandes áreas encamiñados a mellorar a elaboración de propostas en programas competitivos nacionais e internacionais e de artigos científicos dirixidos a investigadores recoñecidos e establecidos. Crearase un plan de difusión da actividade investigadora realizada, así como unha análise de necesidades en infraestruturas, servizos ou utilidades de interese xeral para o apoio e soporte conxunto da actividade de I+D no campus, a través da contratación dunha asistencia técnica.

### **Outras accións singulares**

Neste apartado investiranse 167.000 euros para un plan de reformulación dos institutos de investigación; para o desenvolvemento ou participación en iniciativas de extensión universitaria e internacionalización; para a visibilización dos centros singulares de investigación da USC, do centro acreditado María de Maeztu, así como fomentar a súa capacidade de atracción de talento a través de bolsas de verán. Ademais, implantarase o Selo de Excelencia na Xestión de Recursos Humanos de Investigación, que obtivo a USC en 2017.

## **EDUCACIÓN RENOVA A SÚA COLABORACIÓN COA ONCE PARA A ATENCIÓN ESPECIALIZADA A 366 ALUMNOS CON DISCAPACIDADE VISUAL**

- *A Consellería destinará a esta medida de atención á diversidade máis de 218.000 euros durante este ano e o vindeiro*
- *O obxectivo último é promover un ensino de calidade e axustado ás necesidades de cada alumno*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará a súa colaboración coa Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE) para prestar atención especializada a 366 alumnas e alumnos con discapacidade visual en centros educativos de toda Galicia. Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura da addenda ao convenio asinado entre ambas as entidades en 2013, o que fai posible que 6 profesores do corpo de mestres desenvolvan as súas tarefas profesionais nos equipos específicos da ONCE, prestando apoio ao alumnado cego ou con discapacidade visual, tanto en educación primaria, 1º e 2º da ESO, como en centros e unidades de educación especial. A consellería destina a este convenio un total de 218.048,06 euros.

Ao abeiro deste acordo facilítase o acceso do alumnado con discapacidade visual escolarizado en centros ordinarios aos recursos tecnolóxicos e a transcripción e gravación a braille dos libros de textos e dos materiais curriculares. Deste xeito, favorécese a súa inclusión educativa, á par que unha atención especializada e axeitada ás súas necesidades.

En concreto, o convenio permite establecer un marco de colaboración para a atención educativa do alumnado con cegueira ou deficiencia visual grave, así como das súas familias e dos centros educativos que asistan; promover a coordinación dos servizos educativos e dos complementarios, organizando e facendo rendibles os recursos das diferentes institucións; e facilitar a conformación de equipos específicos para a atención educativa a este alumnado.

Neste sentido, o obxectivo do convenio é a unión de forzas para dar cumprimento ao compromiso fixado pola Consellería a partir da publicación do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste caso xúntanse os recursos materiais da ONCE ao capital humano do profesorado que cede a Consellería neste acordo.

## SANIDADE DESTINA MÁIS DE 67,2 MILLÓNS DE EUROS Á CONTRATACIÓN DE MEDICAMENTOS ANTIPSICÓTICOS E PARA O TRATAMENTO DE ENFERMIDADES DE MÉDULA ÓSEA, CANCRO DE PRÓSTATA E ESCLEROSE MÚLTIPLE

- *Son fármacos exclusivos, baixo protección de patente e sen alternativa terapéutica que irán destinadas a centros de todas as áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a compra centralizada de trece medicamentos destinados aos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde por valor de máis de 67,2 millóns de euros. O Sergas estima que poderán ser tratados 6.148 persoas con estes medicamentos.

En todos os casos, trátase de medicamentos exclusivos, sometidos a protección de patente e sen alternativa terapéutica e, polo tanto, comercializados en exclusiva, de aí que os expedientes se tramiten por procedemento negociado.

É a primeira vez que estes medicamentos se adquiren por contratación centralizada. Ao establecer prezos únicos nos medicamentos que se van a contratar, evítanse variacións significativas no prezo de compra entre os distintos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, garantindo a continuidade, control e seguimento das terapias establecidas.

Ademais, a compra agregada destes produtos empregados en todos os centros sanitarios do Sergas permite conseguir unha maior eficiencia na compra (un único expediente de contratación para todo o Sergas), contribuindo deste xeito a unha maior sustentabilidade económica do sistema sanitario público galego.

### **Cinco expedientes de contratación**

Trátase dun total de cinco expedientes de contratación, un deles para a subministración sucesiva dos medicamentos lenalidomida, pomalidomida e azacitidina que permiten a cobertura terapéutica de enfermidades que afectan ás células hemáticas e á medula ósea. Destínase a esta contratación un total de 17.899.872,54 euros.

Outro expediente tramita a contratación da subministración sucesiva de medicamentos antipsicóticos atípicos parenterales de acción prolongada (aripirazol, paliperidona e risperidona) para os centros sanitarios de todas as áreas de saúde do Servizo Galego de Saúde. Destínase a esta contratación un total de 19.377.326,07 euros.

---

Tamén se autorizou a contratación da subministración sucesiva dos medicamentos abiraterona e enzalutamida, indicados para o tratamento do cancro de próstata que se estendeu a outras partes do corpo, por un importe de 10.365.990 euros. Este tipo de cancro representa un problema de primeira magnitude xa que se trata do tumor maligno máis frecuente en homes.

Os outros expedientes autorizados polo Consello da Xunta son a contratación da subministración sucesiva dos medicamentos fingolimod, natalizumab e alemtuzumab, indicados para o tratamento da esclerose múltiple, por un importe total de licitación de 12.507.853 euros. Tamén os medicamentos dimetilfumarato e teriflunomida, que están destinados á cobertura terapéutica de tratamentos contra a esclerose múltiple en pacientes adultos. A este último expediente destínase un total de 7.057.196,28 euros.

Logo da autorización por parte do Consello da Xunta, procederase a invitar ás empresas licitadoras, á valoración de ofertas, á adxudicación e, finalmente, á formalización do contrato.

## A XUNTA INCREMENTA MÁIS DUN 11% O CONVENIO CON ALDEAS INFANTILES PARA REFOZAR O PROGRAMA DE ACOLLEMENTO EN FAMILIA EXTENSA

- *A Administración autonómica achega máis de 192.700 euros a esta modalidade de protección que permite que familiares se fagan cargo, temporalmente, de nenos e nenas cando se ve impedida a convivencia cos seus proxenitores por diferentes causas*
- *O Goberno galego dá prioridade ao acollemento familiar sobre o residencial e na actualidade, o 59% dos nenos, nenas e adolescentes que están baixo o sistema galego de protección están en familias de acollida, tanto extensa como allea*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio entre a Consellería de Política Social e Aldeas Infantiles SOS Galicia para dar continuidade ao programa de apoio ao acollemento en familia extensa, unha modalidade de protección que permite que os familiares se fagan cargo temporalmente dos nenos e nenas cando se ve impedida a convivencia cos seus pais por diferentes causas. O Goberno galego reforza este programa aumentando en máis dun 11% a contía deste acordo de colaboración en comparación co exercicio pasado alcanzando un montante total de 192.765,19 euros. Cómpre indicar que o orzamento total do programa supera os 328.000 euros, achegando a cantidade restante Aldeas Infantiles SOS Galicia.

A Xunta de Galicia detectou a necesidade de mellorar a atención ás familias extensas que acollen a un neno ou nena que precisa de apoios, recursos e intervencións que garantan a súa seguridade, afiancen o seu benestar e enchan as necesidades que poidan xurdir, así como manexar os contactos e vinculación cos proxenitores. De feito en 2017 reforzouse o programa cun novo equipo en Santiago de Compostela, que se sumou ás oficinas da Coruña e de Vigo; e no presente ano, a través deste convenio, vólvese apostar pola primacía deste tipo de acollemento e se potencia o apoio ás familias que requiren de formación e acompañamento para desenvolver con éxito un labor fundamental na protección dos menores do seu contorno familiar.

Así, este programa está estruturado en dous servizos que responden ás necesidades dos nenos e nenas, da familia de acollida e dos proxenitores ao longo do proceso de acollemento: servizo de apoio especializado e servizo de formación, os cales prevén actuacións de asesoramento e orientación en tarefas parentais e de coidado das persoas menores, accións de mediación nas relacións familiares e apoio educativo ás familias a través de sesións formativas.

O programa beneficia todos os nenos, nenas e adolescentes de entre 0 a 17 anos en situación de risco ou desamparo nos que a medida máis efectiva sexa o acollemento

familiar. As familias acolledoras comprométese a acoller os nenos e nenas e darlles unha atención temporal nun ambiente normalizado, evitando así o seu acollemento nun centro residencial. Deste xeito, garántese o mantemento das persoas menores no seu contorno emocional e social, favorecendo a posible integración coa súa familia de orixe no caso de que este retorno sexa viable.

Desde o ano 2010 Aldeas Infantiles SOS Galicia desenvolvía un programa de apoio á familias acolledoras extensas na provincia de Pontevedra. En 2013 a Xunta de Galicia asinou un convenio de colaboración con esta entidade para o financiamento deste programa por un importe de 30.000 euros. O éxito da intervención realizada fixo conveniente a súa ampliación a toda a Comunidade Autónoma incrementando en 2014 o orzamento destinado a esta actuación ata os 107.140,75 euros, cantidade que desde entón foi aumentando cada ano ata superar en 2019 os 192.700 euros.

Os datos obtidos nestes anos de traballo avalan a utilidade do programa e tamén un claro ascenso do acollemento familiar sobre o residencial, que pasou de representar o 48% en 2013 ao 59% actual. Ao respecto, indicar que o acollemento familiar enmárcase no sistema de protección de menores. Hoxe Galicia ten baixo tutela ou garda da Administración autonómica 2559 nenos, nenas e adolescentes, dos cales 1508 están en programas de acollemento familiar.

Actualmente a Consellería de Política Social está ultimando a elaboración da Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia 2018-2020 (EGIA), que inclúe entre os seus obxectivos específicos a mellora dos programas de acollemento para os menores de idade que precisen de alternativas convivenciais, dando prioridade, especialmente para os grupos de idade de 0 a 6 anos, ao acollemento familiar ao residencial.

## OS NOVOS PROXECTOS DE TRES INDUSTRIAS LÁCTEAS MOBILIZARÁN NO AGRO GALEGO CASE 38,5 MILLÓNS DE EUROS

- *As iniciativas de mellora e modernización promovidas por Inleit, Queserías Entrepinares e Corporación Alimentaria Peñasanta recibirán 12,6 millóns en axudas xestionadas pola Xunta*
- *Estes proxectos contribúen de xeito decisivo ao sostemento do sector lácteo e ao mantemento dun eido estratéxico para Galicia, ao fomentaren a transformación do leite producido en produtos de valor engadido*
- *Na última convocatoria de achegas para a industria agroalimentaria, as destinadas ao sector lácteo representan o 58,7% da subvención total e benefician a 30 empresas*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a concesión de tres axudas por parte da Consellería do Medio Rural a outras tantas industrias lácteas radicadas en Galicia por un importe total de 12,6 millóns de euros. Estes fondos permitirán mobilizar un investimento global de case 38,5 millóns de euros. As beneficiarias son Inleit, Queserías Entrepinares e Corporación Alimentaria Peñasanta.

As axudas son para realizar investimentos en activos fixos materiais para a creación, ampliación e modernización das súas instalacións, destinadas á transformación ou comercialización de produtos agrarios. Estas subvencións enmárcanse na convocatoria de 2018 de Medio Rural, na que en conxunto está prevista a aprobación de 97 solicitudes cun investimento subvencionable de 89,3 millóns de euros e unha axuda total a conceder de 30,3 millóns de euros. Dentro destas achegas, as destinadas ao sector lácteo representan o 58,7% da subvención total e benefician a 30 empresas. É dicir, preto dun terzo dos beneficiarios corresponden a este eido produtivo. A continuación, por número de beneficiarios, estarían os sectores cárnico, de alimentación animal, hortofrutícola, etc.

Estas axudas encádranse no Programa de desenvolvemento rural (PDR) para o período 2014-2020, cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). Esta medida ten unha repercusión directa sobre os cidadáns, porque contribúe ao sostemento do sector lácteo e ao mantemento dun eido estratéxico para Galicia, ao fomentar a transformación do leite producido en produtos de valor engadido.

Trátase, ademais, de empresas punteiras, radicadas en Galicia e que apostan por melloras tecnolóxicas para impulsar a súa produción e comercialización, contando para iso co apoio da Xunta. Estas tres iniciativas son unha boa mostra do pulo que está a acadar o noso sector leiteiro, grazas á combinación de diferentes factores, como son a

---

profesionalidade dos gandeiros, a decidida aposta da industria e a confianza dos consumidores na calidade do noso produto.

### **Detalles dos proxectos**

Inleit, empresa de recente constitución, está construíndo na actualidade unha planta industrial para a obtención de proteínas lácteas por técnicas de filtración no polígono de Curtis-Teixeiro (A Coruña). O proxecto obxecto desta axuda ten por finalidade a obtención dun produto (permeato en po) destinado á industria alimentaria para a elaboración de chocolates, pastelería, sopas, salsas e outros produtos lácteos. Os investimentos que se realizarán para acadar eses obxectivos superan os 12,5 millóns de euros e recibirán unha subvención de 4,4 millóns.

No caso de Queserías Entrepinares, o proxecto pretende ampliar as liñas de fabricación das instalacións da empresa situadas en Vilalba (Lugo), introducindo novos formatos para o envasado e lascado de queixo e elaborando novos produtos. Para iso a empresa realizará investimentos en instalacións e maquinaria destinadas a ese fin por valor de 10,4 millóns de euros, recibindo unha achega de 3,6 millóns por parte da Xunta. Con esta iniciativa, a empresa, que dá emprego a 97 traballadores, ten previsto incrementar nun 50% a súa produción de queixo.

Por último, o proxecto presentado por Corporación Alimentaria Peñasanta ten por obxecto a ampliación da industria láctea situada en Lugo, coa instalación dunha nova liña de envasado de leite UHT en botella de polietileno de alta densidade, co fin de mellorar a produtividade da planta e aumentar a súa versatilidade. Esta liña permitirá adaptarse ás novas demandas do mercado de leite líquido, contribuíndo con iso a garantir a viabilidade da fábrica, aumentando o volume de leite recollido e mellorando o emprego na zona. O investimento subvencionable supera os 15,4 millóns de euros, cunha axuda de 4,6 millóns. Nos tres casos, os investimentos iniciaranse neste ano e está previsto que rematen no 2020.



## A XUNTA APOIARÁ CON EMPREGA AUTOMOCIÓN A FORMACIÓN DE 9000 TRABALLADORES DO SECTOR CUN INVESTIMENTO DE 20M€ ATA 2020

- *A Administración autonómica pon en marcha un programa pioneiro co que busca atender as necesidades da industria do automóbil axustando a cualificación aos perfís profesionais que nacen coas novas tecnoloxías*
- *A nova iniciativa, coa que se pretende seguir impulsando o emprego de calidade e facer máis competitivas as empresas, baséase en tres liñas de actuación: o bono Emprega Automoción, as unidades formativas e os cursos para desempregados*
- *Na primeira medida, a Consellería de Economía, Emprego e Industria investirá 3M€ cada exercicio en incentivos ás compañías para formar á carta 1500 traballadores cada ano con axudas de ata 2000€ por persoa*
- *As unidades formativas para desempregados e ocupados permitirán a capacitación de 1000 persoas cun apoio de 1,5M€ cada ano e as accións formativas para persoas sen emprego centraranse na Industria 4.0 e as novas tecnoloxías*
- *A automoción, un eido que a Xunta tamén impulsa desde o punto de vista da internacionalización e a innovación, emprega 20.800 persoas e a súa facturación medrou un 4,3% o ano pasado, alcanzando os case 8700M€*

Emprega Automoción é un novo programa da Administración autonómica co que se busca atender as necesidades dun sector que está en auxe en Galicia apoiando a formación a medida para dar resposta aos novos perfís profesionais que nacen da man das novas tecnoloxías. Deste xeito, impúlsase a creación de emprego de calidade. Para iso, a Xunta investirá 20 millóns de euros ata 2020 para formar a 9000 persoas.

A iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria baséase en tres liñas de actuación: o bono Emprega Automoción, as unidades formativas e cursos de formación para desempregados (AFD).

O bono, un novo programa de axudas dirixido a ocupados e que se porá en marcha nas próximas semanas, apoia a formación á carta nas empresas do sector. O Goberno galego financiará o 50% da cualificación ata 2000 euros por persoa. Do que se trata é de mellorar as capacidades dos traballadores, o que permitirá ás compañías ser máis competitivas. O investimento previsto é de 3 millóns de euros ao ano para formar a 1500 persoas cada exercicio.

Para as Unidades Formativas, tanto para desempregados como ocupados, destinaranse 1,5 millóns de euros anuais para capacitar 1000 persoas -tamén cada anualidade- a través do desenvolvemento de 200 cursos ata 2020. Esta iniciativa permite ás empresas que elixan e impartan a formación, que será financiada ao 100% pola Xunta. No caso de desempregados, as firmas teñen que adquirir un compromiso mínimo de

contratación do 40% dos alumnos que se cualifiquen. Se a compañía supera ese mínimo, a Xunta incentiva a contratación con apoios que oscilan entre os 7.000 e 16.000 euros. O prazo de solicitude para a segunda convocatoria deste ano das unidades formativas remata o próximo 6 de agosto.

O terceiro eixo de Emprega Automoción, os cursos de formación para desempregados (AFD), inclúe un orzamento de 2 millóns de euros ao ano para formar a 500 persoas cada anualidade a través de 100 cursos en 3 anos. A Consellería de Economía, Emprego e Industria apoia accións que estean principalmente relacionadas coa Industria 4.0 e o uso das novas tecnoloxías. A cualificación que se imparte por medio desta actuación é homologada con certificados de profesionalidade con validez en todo o Estado. Son axudas ás que poden acceder entidades titulares de centros formativos e aquelas acreditadas para impartir formación profesional para o emprego no ámbito laboral de Galicia: empresas, asociacións sen ánimo de lucro e concellos.

No primeiro semestre deste ano, no eido da formación, a Administración autonómica xa investiu 3,7 millóns de euros neste sector para cualificar a 2048 persoas por medio de 143 cursos. Coa primeira convocatoria das unidades formativas en próximas datas darase formación a 828 desempregados e traballadores cun investimento dun millón de euros; cos cursos de formación para desempregados cualificáronse xa 500 persoas grazas a un orzamento de 1,5 millóns; e co programa de formación para ocupados capacitáronse 720 persoas a través dun financiamento de 1,2 millóns.

### **A industria galega do automóbil**

Emprega Automoción busca, polo tanto, contribuír á modernización dun sector tradicional en Galicia e que ten un papel tractor na economía galega. Trátase dun eido que emprega de xeito directo a 20.800 persoas, un 4,6% máis que en 2016, o que supón 950 novos traballos nun ano. Conta cunha facturación próxima aos 8700 millóns de euros, medrando un 4,3% o ano pasado, e no ámbito das exportacións bateu o seu récord histórico con 5740 millóns (+21,6%). O sector representa o 32% do total exportado por Galicia, contando Ceaga con 101 empresas exportadoras.

A industria galega do automóbil está, deste xeito, sendo capaz de crecer a través de novos proxectos. É importante destacar que os novos modelos K9 e V20, cun investimento de 3000 millóns, suporán para a planta de PSA en Vigo e as empresas auxiliares carga de traballo asegurada durante 10 anos e unha facturación anual de máis de 1000 millóns. É o caso de Benteler, que investirá 20 millóns de euros na construción dunha nova planta en Mos na que creará 200 empregos.

A Xunta non só apoia a formación neste sector, que ten que seguir apostando pola incorporación de novos perfís profesionais, senón que tamén está a impulsar neste

ámbito a internacionalización das empresas -co obxectivo de exportar coñecemento e importar investimentos- e a innovación con 80 millóns a través de ferramentas centradas na Industria 4.0 como son as 10 unidades mixtas de investigación; a aceleradora Business Factory Auto; a participación de PSA no programa Fábrica Intelixente; e os programas Conecta Peme e Innterconecta, onde a automoción xoga un papel destacado.